



A IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES NAS EMPRESAS



mulleres e homes

2 items



XUNTA DE GALICIA

A Consellería de Traballo, no desenvolvemento dun dos seus obxectivos prioritarios, propónse impulsar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes nas empresas de Galicia desde formulacións que teñan que ver co respecto do principio de igualdade, o cumprimento da normativa e unha mellora de funcionamento das organizacións.

As empresas, xunto co resto dos axentes sociais, teñen un papel claramente definido no logro dunha igualdade real entre mulleres e homes, xa que seguen existindo desigualdades en todos os ámbitos da sociedade e en especial, no ámbito laboral. Dese xeito cómpre que nos poñamos a traballar conxuntamente e que, entre todos e todas, construíamos un novo modelo de sociedade.

O marco normativo de referencia máis inmediato co que contamos é a nivel estatal a *Ley Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la Igualdad Efectiva de Mujeres y Hombres* e, a nivel autonómico, a *Lei 2/2007, de 28 de marzo, do Traballo en Igualdade das Mulleres de Galicia*. Ambas leis poñen de manifesto a necesidade de traballar a diferentes niveis e desde distintos ámbitos, así como do desenvolvemento de instrumentos e mecanismos que fagan efectiva a igualdade entre mulleres e homes.

Neste contexto, a Consellería de Traballo está a rematar a tramitación do Decreto polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a introducción do principio de igualdade nas políticas de emprego. Desta maneira poranse en marcha os medios necesarios para que as empresas galegas incorporen o principio de igualdade entre mulleres e homes como parte vertebradora das políticas empresariais, implantando plans de igualdade para a súa consecución.

Invitamos ás empresas galegas a achegarse a este documento informativo como un primeiro paso cara á integración da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, que sen dúbida, traducirase en melloras na súa organización e na calidade de vida de toda a cidadanía do noso país.

Ricardo J. Varela Sánchez
Conselleiro de Traballo

A IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES NAS EMPRESAS

¿POR QUÉ É NECESARIO FALAR DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES?

Porque seguen existindo situacións de desigualdade entre mulleres e homes:

- Diferenzas na participación no mercado laboral: as mulleres presentan maiores taxas de desemprego e menores taxas de actividade.
- Concentración de mulleres e homes en diferentes profesións (segregación horizontal).
- Persistencia dunha brecha salarial de arredor dun 26% en Galicia.
- Menor presenza das mulleres en postos de decisión (segregación vertical).
- Maiores índices de precariedade laboral feminina, que conducen a traballos temporais, a tempo parcial, traballos sen contrato,...
- Maior asunción por parte das mulleres das responsabilidades familiares e domésticas.

¿QUÉ SIGNIFICA A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES NAS EMPRESAS?

A igualdade entre mulleres e homes nas empresas supón promover un equilibrio na participación das mulleres e dos homes en todos os procesos de xestión de recursos humanos a partir da súa integración como un principio básico e de progreso da organización.

A igualdade de oportunidades entre mulleres e homes nas empresas concíbese como un instrumento de calidade que permite unha mellora dos procedementos de xestión e unha adecuación á normativa vixente. É unha oportunidade para acadar os obxectivos empresariais cunha nova visión de negocio que achega un valor engadido a nivel interno e externo.

¿QUÉ BENEFICIOS APORTA A IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES NAS EMPRESAS?

- Optimización do potencial do patrón ao completo: traballadoras e traballadores.
- Mellora da motivación e implicación do persoal
- Mellora do clima laboral.
- Fidelización do persoal
- Mellora da produtividade
- Mellora e desenvolvemento dos procedementos de xestión
- Valor engadido á imaxe interna (para o propio persoal) e externa
- Valor diferencial fronte á competencia
- Mellora da competitividade

MARCO NORMATIVO

O coñecemento da lexislación vixente en materia de igualdade é imprescindible para abordar a tarefa de integrar a igualdade de oportunidades nas empresas. O Marco normativo actual que regula a igualdade entre mulleres e homes no ámbito das relacións laborais é, a nivel estatal, a *Ley orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la Igualdad Efectiva de Mujeres y Hombres* e a nivel autonómico, a *Lei 2/2007, de 28 de marzo, do Traballo en Igualdade das Mulleres de Galicia*.

LEY ORGÁNICA 3/2007, DE 22 DE MARZO, PARA LA IGUALDAD EFECTIVA DE MUJERES Y HOMBRES

Esta Lei traspón diferentes Directivas Europeas relativas á aplicación do principio de igualdade de oportunidades e introduce melloras na normativa laboral e de protección social.

Establece no seu Título IV (capítulos I ao IV) as medidas para garantir “o dereito ao traballo en igualdade de oportunidades”.

- **CAPITULO I.** Igualdade de trato e de oportunidades no ámbito laboral.
- **CAPITULO II.** Igualdade e Conciliación.
- **CAPITULO III.** Os plans de igualdade nas empresas e outras medidas de promoción da igualdade.
- **CAPITULO IV.** Distintivo empresarial en materia de igualdade.

A Lei de Igualdade artella a combinación de estratexias preventivas dirixidas a evitar as condutas discriminatorias co compromiso de desenvolver políticas activas que permitan facer efectivo o desenvolvemento do principio de igualdade, implicando tanto a axentes públicos como privados.

ALGÚNS ASPECTOS CLAVES DA LEY DE IGUALDADE PARA AS EMPRESAS

- Incorpora as claves para facer efectivo o principio de igualdade.
- Regula os Plans de igualdade e a adopción de medidas a favor da igualdade nas empresas e a súa negociación no marco dos convenios colectivos.
- Promove actuacións para previr o acoso sexual e por razón de sexo no traballo.
- Define medidas que facilitan a conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

MARCO NORMATIVO EN GALICIA

LEI 2/2007, DE 28 DE MARZO, DO TRABALLO EN IGUALDADE DAS MULLERES DE GALICIA

Esta Lei ten por obxecto a integración da dimensión da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes nas competencias autonómicas sobre emprego e relacións laborais.

(Art. 1)

A Lei 2/2007, de 28 de Marzo, do Traballo en Igualdade das Mulleres de Galicia recolle o compromiso da Administración Autonómica competente en materia de traballo a introducir o principio de transversalidade no exercicio das competencias autonómicas sobre emprego e relacións laborais, coa colaboración do departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade.

Promove a creación da **Unidade Administrativa de Igualdade** do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, cuxas funcións están recollidas no Capítulo II do Título I:

“Asesoramento en materia de xénero, impulso da participación equilibrada de mulleres e homes nos postos de traballo do citado departamento, deseño de formación en materia de igualdade, colaboración na elaboración dos informes de impacto de xénero das normas do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, recepción das estatísticas que este elabora, promoción do principio de igualdade, asesoramento a empresas, revisión de convenios colectivos, elaboración de ditames e vixilancia sobre o cumprimento desta lei.”

No seu Título II determina as medidas para a promoción da igualdade nas empresas:

- **CAPITULO I.** Os Plans de Igualdade das empresas.
- **CAPITULO II.** A responsabilidade social das empresas en materia de igualdade.
- **CAPITULO III.** A Marca Galega de Excelencia en Igualdade.
- **CAPITULO IV.** A igualdade nas sociedades cooperativas galegas.

¿QUÉ É A MARCA GALEGA DE EXCELENCIA EN IGUALDADE?

É un distintivo que se outorgará como recoñecemento a aquelas empresas con domicilio ou calquera outro tipo de representación en Galicia e que contraten persoal nesta comunidade, tanto de capital privado como público, que salienten na aplicación das políticas de igualdade.

A súa obtención outorgará ás empresas dereitos e facultades referidos á utilización comercial da mesma, así como subvención das cotizacións sociais por accidentes e doenzas laborais e preferencia na adxudicación de contratos da comunidade autónoma.

4

OS PLANS DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES NAS EMPRESAS

¿QUÉ SON?

Os Plans de Igualdade son o instrumento que permiten integrar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes nas empresas. A Lei do Traballo en Igualdade das Mulleres de Galicia, en plena consonancia coa definición que fai a Lei estatal, define os Plans de Igualdade nas empresas como:

“...un conxunto de medidas, adoptadas despois de realizar un diagnóstico da realidade desde a perspectiva de xénero, tendentes a alcanzar na totalidade dos ámbitos da empresa o obxectivo da igualdade entre mulleres e homes e a eliminación da discriminación por razón de sexo” (Art. 9).

¿QUÉ EMPRESAS TEÑEN QUE REALIZALOS?

Con carácter obrigatorio:

- Empresas con cadros de persoal de máis de 250 persoas traballadoras.
- Empresas obrigadas polo seu convenio colectivo ou por outros de ámbito superior ao da propia empresa.
- Empresas sancionadas por incumprir a obrigaición de non discriminar, cando nun procedemento sancionador a autoridade laboral acordara substituír unha sanción accesoria pola elaboración e aplicación dun plan de igualdade.
- As organizacións públicas dependentes da Comunidade autónoma galega.

Outros organismos especificados no artigo 11 da Lei galega 2/2007.

Con carácter voluntario:

Calquera empresa que pretenda mellorar a súa xestión empresarial.

¿QUÉ TIPO DE MEDIDAS RECOLLE UN PLAN DE IGUALDADE?

Un Plan de Igualdade debe recoller **MEDIDAS** relativas a:

- O acceso ao emprego e a contratación
- A clasificación profesional
- A promoción e a formación
- A política salarial
- A ordenación do tempo de traballo de cara a favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar
- A prevención do acoso sexual e por razón de sexo
- Favorecer o uso dunha linguaxe non sexista en todas as comunicacións, internas y externas

APOIO ÁS EMPRESAS GALEGAS PARA A REALIZACIÓN DE PLANS DE IGUALDADE

As AXUDAS previstas na LEI DO TRABALLO EN IGUALDADE DAS MULLERES DE GALICIA para a implantación de PLANS DE IGUALDADE recóllense no artigo 12 da Lei 2/2007 e consistirán en:

- Subvención da contratación de persoal especializado destinado a asesorar na elaboración dos plans de igualdade.
- Convocatoria anual de axudas para pequenas e medianas empresas:

A

Cando a empresa implante de xeito voluntario un plan de igualdade nos termos esixidos para os plans legalmente obrigatorios.

B

Cando a empresa implante, en cumprimento da obriga establecida nun convenio colectivo de ámbito superior á empresa, un plan de igualdade nos termos esixidos para os plans legalmente obrigatorios.

Para máis información

Unidade Administrativa de Igualdade
Seretaría Xeral
Consellería de Traballo

Correo electrónico: unidade.igualdade.traballo@xunta.es
Teléfonos: 881 997380 - 881 997381 - 881 997387

5

Equipo técnico:

Unidade Administrativa de Igualdade, Consellería de Traballo

Fundación MUJERES



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
Secretaría Xeral